



R.C. Celta de Atletismo

Estadio de Balaídos s/n · 36210 · Vigo · Pontevedra

C.A. Femenino Celta

Pintor Colmeiro, 10 - 1º B · 36211 · Vigo · Pontevedra

REGULAMENTO

“1º MEETING POPULAR EN PISTA CELTA ATLETISMO”

ARTIGO 1. Organizadores e obxectivos.

O **Real Club Celta de Atletismo** e o **Club Atletismo Femenino Celta**, coa colaboración da Federación Galega de Atletismo, Comité Galego de Xuíces, Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra e ABANCA, organizarán no mes de Maio o “1º MEETING POPULAR EN PISTA CELTA ATLETISMO”.

Dita competición nace coa intención de impulsar a competición de pista no Atletismo Popular e darlle difusión á competición de Liga Nacional de Clubs de División de Honra que terá lugar ese mesmo día; nun mesmo día convivirán o atletismo popular co atletismo en pista ao máximo nivel. Ademais, tamén haberá competición para os nenos e nenas en idade escolar.

ARTIGO 2. Data e instalación.

O “1º MEETING POPULAR EN PISTA CELTA ATLETISMO” terá lugar o vindeiro sábado 9 de maio a partir das 10:00 horas nas Pistas Municipais de Atletismo de Balaídos (Vigo).

ARTIGO 3. Control técnico da proba.

A competición estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial de probas en pista.

ARTIGO 4. Inscripcións.

A inscrición estará aberta a atletas federados e populares dende a categoría benxamín ata veteranos. O límite de inscritos será de **600** participantes sen contar as categorías menores; as prazas cubriranse por rigoroso orde de inscrición.

CONCELLO
DE VIGO



Deputación
Pontevedra



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



//ABANCA



R.C. Celta de Atletismo

Estadio de Balaidos s/n · 36210 · Vigo · Pontevedra

C.A. Femenino Celta

Pintor Colmeiro, 10 - 1º B · 36211 · Vigo · Pontevedra

A inscrición farase a través do formulario dispoñible na páxina web www.carreirasgalegas.com. O prazo de inscrición será dende o 07/04/15 ás 00:00 horas ata o 05/05/15 ás 22:00 horas. Non se aceptarán inscricións fora de prazo.

COTA DE INSCRICIÓN: 6 euros (só para os participantes de categoría xuvenil e superiores; para os participantes de categoría benxamín ata cadete a inscrición será gratuíta).

ARTIGO 5. Entrega de dorsal e “bolsa do atleta”.

Os dorsais recolleranse na zona de secretaría da pista o mesmo día da competición, cunha hora de antelación sobre a proba na que se participe. Entregarase un único dorsal que irá colocado na parte dianteira da camiseta xunto coa “bolsa do atleta”.

ARTIGO 6. Categorías de competición, programa de probas e número máximo de inscricións.

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	PROBAS*	PAZAS
BENXAMÍN MIXTO	2007 – 2006	500 m.	200
ALEVÍN MIXTO	2005 – 2004	500 m.	
INFANTIL MIXTO	2003 – 2002	500 m.	
CADETE	2001 – 2000	1000 m.	600
XUVENIL	1999 – 1998	1000 e 3000 m.	
XUNIOR	1997 – 1996	1000 e 3000 m.	
PROMESA	1995 – 1994 – 1993	1000 e 3000 m.	
SENIOR	1992 ata os 40 anos**	1000 e 3000 m.	
VETERANO 1	De 41 a 54 anos**	1000 e 3000 m.	
VETERANO 2	De 55 adiante**	1000 e 3000 m.	

* Para os atletas das categorías benxamín, alevín e infantil haberá unha actividade lúdica na que participarán no **SALTO DE LONXITUDE, SALTO DE ALTURA e LANZAMENTO DE PESO.**

**Cumpridos no día da competición.

CONCELLO
DE VIGO



Deputación
Pontevedra



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO



GALICIA
SAUDABLE

//ABANCA



R.C. Celta de Atletismo

Estadio de Balaidos s/n · 36210 · Vigo · Pontevedra

C.A. Femenino Celta

Pintor Colmeiro, 10 - 1º B · 36211 · Vigo · Pontevedra

ARTIGO 7. Sistema de cronometraxe.

En todas as carreiras haberá cronometraxe eléctrica e sistema de "foto-finish" controladas polo comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

ARTIGO 8. Clasificacións e Premios.

· Realizaranse as seguintes clasificacións (só nas carreiras):

- BENXAMIN MIXTO.
- ALEVÍN MIXTO.
- INFANTIL MIXTO.
- CADETE MASCULINO / FEMININO.
- XUVENIL – JUNIOR MASCULINO / FEMININO.
- PROMESA – SENIOR MASCULINO / FEMININO.
- VETERANO 1 MASCULINO / FEMININO.
- VETERANO 2 MASCULINO / FEMININO.

CATEGORÍAS	PREMIOS*
BENXAMÍN MIXTO ALEVÍN MIXTO INFANTIL MIXTO	Todos os atletas de categoría benxamín, alevín e infantil recibirán unha medalla e camiseta conmemorativa. Ademais, as 3 mellores marcas masculinas e as 3 mellores marcas femininas de cada categoría recibirán un TROFEO conmemorativo máis un agasallo dos patrocinadores da competición.
CADETE XUVENIL – JUNIOR PROMESA – SENIOR VETERANO 1 VETERANO 2	As 3 mellores marcas masculinas e as 3 mellores marcas femininas de cada categoría recibirán un TROFEO conmemorativo máis un agasallo dos patrocinadores da competición.
SORTEOS	Grazas aos nosos patrocinadores, todos os atletas inscritos entrarán no sorteo de varios agasallos co seu número de dorsal.

*A entrega de premios realizarase ao final da competición, sendo obrigatoria a presenza do atleta para recibir o premio.

CONCELLO
DE VIGO



Deputación
Pontevedra



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO



GALICIA
SAUDABLE

//ABANCA



R.C. Celta de Atletismo

Estadio de Balaidos s/n · 36210 · Vigo · Pontevedra

C.A. Femenino Celta

Pintor Colmeiro, 10 - 1º B · 36211 · Vigo · Pontevedra

ARTIGO 9. Servizos médicos:

A proba disporá de servizos médicos regulamentarios así como de ambulancia asistencial. Todos os atletas participantes estarán cubertos polo Seguro de Accidente Deportivo da Federación Galega de Atletismo.

ARTIGO 10. Outros servizos:

Os atletas participantes terán á súa disposición os vestiarios e as duchas da instalación, ademais de dispoñer dun servizo de garda roupas.

ARTIGO 11. Reclamacións:

Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán colocados no taboleiro oficial da organización.

ARTIGO 12. LOPD:

Todos os atletas, ao realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.

ARTIGO 13. HORARIO E PROGRAMA DE PROBAS (VER ANEXO 1).

ARTIGO 14:

Todo o reflectido no presente regulamento rexerese polas normas vixentes da FGA, RFEA e IAAF.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o atleta consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así coma a xestión da licenza de día e o ranking galego de Pista ao Aire Libre. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 – 15008. A Coruña.

CONCELLO
DE VIGO



Deputación
Pontevedra



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



//ABANCA



R.C. Celta de Atletismo

Estadio de Balaidos s/n · 36210 · Vigo · Pontevedra

C.A. Femenino Celta

Pintor Colmeiro, 10 - 1º B · 36211 · Vigo · Pontevedra

• **ANEXO 1:**

HORARIO E PROGRAMA DE PROBAS

HORA	PROBA	CATEGORÍA
10:00	500 metros	Benxamín, Alevín e Infantil Mixto
11:00	1000 metros	De Cadete a Veteranos. Feminino e Masculino.
11:15	Lonxitude, Altura e Peso	Benxamín, Alevín e Infantil mixto
12:15	3000 metros	De Xuvenil a Veteranos. Feminino e Masculino.
13:30	Entrega de Premios e Clausura do Meeting	
17:00	Campionato de España de Clubs – División de Honra	

PROGRAMA:

- Os atletas de categoría xuvenil a veterano poderanse inscribir nas dúas carreiras (1000 m. e 3000 m.).
- A distribución de series farase a partir das mellores marcas dos atletas. No momento da inscrición o atleta deberá indicar a súa mellor marca nalgunha das seguintes probas: 600 m, 1000 m, 1500 m, 3000 m, 5000 m, 10000 m e Media Maratón. O xoves 7 de maio, publicaranse os horarios e series definitivas.
- Nas carreiras de 500 m, 1000 m e 3000 m. e en todas as categorías as series serán dun máximo de 25 participantes cada unha.
- Haberá unha cámara de chamadas pola que terán que pasar todos os atletas 20 minutos antes de cada carreira.
- Haberá "LEBRES" de gran nivel e experiencia que marcarán o ritmo de carreira segundo o nivel de cada serie.
- O salto de lonxitude, salto de altura e lanzamento de peso, para as categorías menores, organizarase de forma conxunta nunha actividade lúdica non competitiva.

CONCELLO
DE VIGO



Deputación
Pontevedra



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



//ABANCA



R.C. Celta de Atletismo

Estadio de Balaidos s/n · 36210 · Vigo · Pontevedra

C.A. Femenino Celta

Pintor Colmeiro, 10 - 1º B · 36211 · Vigo · Pontevedra

- A partir das 17:00 horas e na mesma instalación, celébrase o Campionato de España de Clubs de División de Honra. A A.D. Marathón (Madrid), Real Sociedade (Pais Vasco), Sociedad Gimnástica de Pontevedra e Real Club Celta de Atletismo enfrontaranse na primeira xornada da competición. Dende a Organización animamos a todos os atletas inscritos no “1º MEETING POPULAR EN PISTA CELTA ATLETISMO” a asistir coma siareiros e poder vivir así unha xornada de atletismo en pista ao máximo nivel.

ORGANIZA:



R.C. Celta de Atletismo C.A. Femenino Celta

COLABORAN:



FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO



COMITÉ GALEGO
DE XUICES



fundación
celta
d'vigo

PATROCINAN:

CONCELLO
DE VIGO



Deputación
Pontevedra



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO



GALICIA
SAUDABLE

//ABANCA

SOCIOS COLABORADORES:

ASOCIACIÓN CULTURAL TRASPÉS
FISIOTERAPIA LENCE & MARTÍNEZ
GIMNASIO LENCE, MARTÍNEZ Y SALGADO
DEPORTES ATHETICS
DEPORTES DÉCIMAS
DEPORTES GONZÁLEZ
SALÓN SARABIA
HFC SEGUROS
CAFETERÍA O CASTRO
LIBRERÍA ANDEL
CICLOS BOYER
CENTRO DE ESTÉTICA CARMEN LIRANZO
BIKILA
CULAIA & CULT
FERRETERÍA FERRETÓN
ÓPERA PRIMA
MERCERÍA LENA
CERVECERÍA EL ALEMÁN

CONCELLO
DE VIGO



Deputación
Pontevedra



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO



GALICIA
SAUDABLE

//ABANCA